

ESQUERDA REVOLUCIONARIA



Derrotar á dereita nas urnas e nas rúas: **¡En Marea!**

O acordo electoral entre IU e PODEMOS a nivel estatal desatou un gran entusiasmo entre os traballadores, a mocidade e os activistas da esquerda. ¡E non é para menos! Nas eleccións do día 26, Unidos Podemos trasladará a todo o Estado español o que En Marea (que ademais de Esquerda Unida e Podemos inclúe a sectores do nacionalismo de esquerdas) xa demostrou en Galiza o 20 de decembro: que a confluencia non só suma, senón que multiplica. Neste senso, é unha mágoa que a dirección do BNG non se sumase á Marea de cara ó día 26. Esperemos que nas autonómicas do vindeiro outono corrixa este erro e se integre nunha ampla fronte de esquerdas que desaloxe ó PP da Xunta de Galiza.

A perspectiva de que Unidos Podemos, En Marea e outras confluencias de esquerdas obteñan un tremendo resultado, superen ó PSOE e poñan sobre a mesa a posibilidade dun goberno que rompa cos recortes e a austeridade está a desatar a histeria no PP, en C's e no aparello socialdemócrata. O xiro á esquerda e a rebelión social destes anos pode culminar nun resultado electoral que poña as cousas moi difíciles á oligarquía financeira, ós capitalistas de dentro e fóra das nosas fronteiras, e que dea un pulo tremendo á mobilización social. A esquerda que loita, unida e mobilizada, pode dar un paso de xigante.

O certo é que estanse cumprindo os peores augurios para os defensores do sistema capitalista. Tanto o PP como a dirección do PSOE xa bautizaron a Unidos Podemos como “os vellos comunistas de sempre”. No caso do PSOE é toda unha declaración de intencións. Non ven a Unidos Podemos como un aliado para un goberno de esquerdas, senón como un rival que ameaza a súa hexemonía electo-

ral e, o máis importante, un factor político que cuestiona a política de recortes e austeridade que tan disciplinadamente puxo en marcha o PSOE en 2010, cando gobernaba Zapatero, e que seguirían aplicando de gobernar da man de Ciudadáns e Albert Rivera. É lamentable que tenten disimular con desdén burocrático o pánico que lles provocan as expectativas de voto de Unidos Podemos, pero con esa actitude só dan as costas ás aspiracións de millóns de traballadores e mozos, incluída a maioría da súa base social. Si, queremos e debemos botar ó PP da Moncloa, pero non só das cadeiras e dos cargos, senón poñendo fin ás súas políticas de recortes, á austeridade e ó sufrimento que padecemos nos últimos catro anos.

A batalla electoral e a mobilización social

Tódalas enquisas revelan que Unidos Podemos, En Marea e outras confluencias serán decisivas tralo día 26, colocándose como a primeira forza entre os menores de 55 anos. A concentra-



ción do voto permitiría á coalición de esquerdas superar por primeira vez ó PSOE e pisarlle os talóns ao PP. Unha posibilidade real que, por si soa, constitúe un terremoto político, profundando non só o golpe a un bipartidismo que serviu para soste os intereses capitalistas no Estado español, senón que colocaría ó PSOE nunha situación na que xa non cabe nin o teatro nin a charlatanaría parlamentaria.

Malia a volatilidade do voto, o escenario que abren as eleccións do 26-X é bastante claro: ou un goberno de esquerdas que derroge as leis do PP e se enfrente á política ditada polos bancos e a Troika, ou unha gran coalición entre PP, Cidadáns e PSOE para “salvar o país” segundo os plans de Felipe González, Susana Díaz e o banco Santander. Xa vimos isto en Grecia, e os seus resultados. E do mesmo xeito que no país heleno, os capitalistas usarán todo o poder que lle dá o seu control da economía, dos partidos, dos medios de comunicación, dos xuíces, dos parlamentos e de todas as “institucións democráticas” para tentar de facer fracasar un goberno que tome medidas efectivas en beneficio da maioría social, o cal unicamente pode facerse rompendo co capitalismo.

A experiencia grega demostra, unha vez máis, que non abonda unha maioría parlamentaria para librarse da extorsión e a chantaxe. A vontade política para cambiar a sociedade non pode separarse da mobilización social cun programa socialista, non pode ficar illada no parlamento. O éxito electoral de En Marea e Unidos Podemos, polo que está a traballar Esquerda Revolucionaria, será a expresión política do enorme período de mobilizacións vivido no Estado español desde que Zapatero iniciou os recortes en 2010. Pero ese éxito debe servir para organizar máis o movemento en to-

das as fronteiras de batalla, nas empresas, nos centros de estudo, NA RÚA.

Desde a Esquerda Revolucionaria queremos insistir nesta idea: hai forza e hai disposición. Un goberno de Unidos Podemos debe apoiarse en ambas para aplicar un programa que satisfaga as demandas que o movemento de masas e os activistas da esquerda xa teñen posto enriba da mesa. Con esta orientación, SI SE PODE.



- **Derrogación inmediata da contrarreforma laboral e da contrarreforma das pensións.**
- **Prohibición por lei dos desafuzamentos.** Parque de vivendas públicas con alugueiros sociais. Expropiación dos pisos baleiros en mans dos bancos.
- **Derrogación da LOMCE e o 3+2.** Ensino público de calidade, democrático e gratuíto desde infantil até a universidade.
- **Dereito a unha sanidade pública de calidade, grauíta e universal.**
- **Solidariedade real e concreta cos refuxiados:** nin cotas nin campos de internamento. Derrogación da Lei de Estranxeiría e dos CIEs.
- **Remunicipalización dos servizos públicos privatizados,** mantendo e ampliando os cadros de persoal e respectando

os dereitos laborais.

- **Salario mínimo de 1.100 €.** Subsidio de desemprego indefinido para os parados até atopar emprego.
- **Derrogación da Lei Mordaza.**
- **Nacionalización da banca e os sectores estratégicos da economía,** para rescatar as persoas e elevar o benestar da maioría social.
- **Polo dereito á autodeterminación** para Galicia, Cataluña e Euskal Herria. Pola República Socialista Federal.

¡Vota EN MAREA!
¡É a hora da organización!
¡Únete á ESQUERDA REVOLUCIONARIA!